

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) do 24.11.2022.
Proxecto:	Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do Parque eólico Serra do Furco
Concellos:	Becerreá (Lugo)
Promotora:	Enel Green Power España S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
Clave:	IN 408A/2020/087
Expte:	03.I.654.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3204/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 12.01.2023 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da contestación da entidade promotora, Enel Green Power España S.L., de data 04.01.2023, pola que a promotora resposta ao informe da DXPC emitido o 24.11.2022. Achégase a ligazón para descargar a resposta.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 24.11.2022 a DXPC emitiu un informe do Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA) no que se considerou que tal e como estaban proxectadas as obras do Parque eólico Serra do Furco estas non son compatibles coa protección e a conservación do patrimonio arqueolóxico.

Por tanto, deberá modificarse o deseño do parque eólico para que ningunha das infraestruturas de nova construción afecten os xacementos arqueolóxicos identificados nin os contornos de protección destes (os aeroxeradores SF04 e SF05 e as súas infraestruturas asociadas retiraranse dos contornos de protección dos túmulos Medorra de San Pedro 2 -GA27006033- e Madorra da Louseira -GA27006020-; e o acceso de nova construción para a SET, retirárase fóra do contorno de protección da Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-).

Asemade as obras de acondicionamento das vías de acceso e comunicación interna do parque eólico deberán garantir que non se van realizar movementos de terras nas áreas inmediatas aos xacementos arqueolóxicos que están localizados mesmo a rentes das devanditas vías (Madorra da Louseira -GA27006020-, Medorra de Cabeza do Río 1 -GA27006019-, Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-, e a Medorra de Cabeza de Río 2 -GA27006027-), con obras que levarían consigo importantes movementos de terras mesmo a carón dos devanditos xacementos para construír e acondicionar os viarios interiores do parque eólico. De non ser posible isto último, buscaranse outras alternativas de acceso e circulación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de



Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04.07.2022).

Análise da documentación

En resposta ao último informe emitido pola DXPC o 24.11.2022, a promotora manifesta que modificou o proxecto para dar cumprimento as premisas marcadas no devandito informe. Así mesmo, confirma que se atopa, a data deste escrito, finalizando a redacción da nova versión do Proxecto de Execución, Proxecto Sectorial e Estudo de Impacto Ambiental, tal e como solicitou a Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e que remitirá cada un dos documentos o máis axiña posible, esperando poder facelo nos próximos días. Con todo, dado que xa se estudaron todos os condicionantes e traballouse un novo deseño, vén a explicar, adiantando, cal será a configuración definitiva do Proxecto Eólico Serra do Furco, demostrando que considerou as peticións da DXPC, para que esta os poida valorar antes da recepción dos documentos definitivos actualizados.

-Modificación da plataforma do aeroxerador SF04 e as súas infraestruturas asociadas para evitar afectar o contorno de protección da Medorra de San Pedro 2. Optimizouse a plataforma e reducíronse un pouco as súas dimensións e virose cara ao oeste para non afectar o devandito contorno de protección. Coa nova configuración evítase esta afección e, por tanto, considérase viable o aeroxerador proxectado e as súas infraestruturas asociadas, e a coordenada do aeroxerador non se modificou respecto ao proxecto orixinal.

-Modificación da plataforma do aeroxerador SF05 e as súas infraestruturas asociadas para evitar afectar o contorno de protección da Madorra da Louseira. Optimizouse a plataforma, reducíronse un pouco as súas dimensións e adaptouse a cota de entrada á devandita plataforma, aproveitando a vía sen realizar recheo sobre a mesma dentro do contorno de protección, de tal xeito que se evita realizar movementos de terra no devandito contorno, adecuando unicamente o firme do camiño. Así mesmo, do mesmo xeito que no resto dos contornos de protección, as dimensións do vial do parque serán as da vía actualmente existente, de aproximadamente cinco metros de ancho, sen realizar movementos de terra e unicamente adecuando o seu paquete de firme para regularizalo e adecualo para o paso do transporte.

-Modificación do vial de acceso á SET para evitar afectar sobre o contorno de protección da Medorra de San Pedro 3. Modificouse o punto de acceso á subestación eléctrica, eliminando o tramo do ese eixo do vial que estaba dentro do contorno de protección da Medorra de San Pedro 3.

-Acondicionamento de viais garantindo que non se realizarán movementos de terras nas áreas inmediatas aos xacementos arqueolóxicos. Naquelas zonas onde o vial existente atravesa zonas de protección de xacementos arqueolóxicos, realizáronse as seguintes melloras:

- Na zona das Medorras de Cabeza do Río 1, San Pedro 3 e Cabeza do Río 2, reduciuse o ancho do vial a cinco metros, cinguíndose ao ancho do vial existente e sen ampliar o ancho deste, nin sequera cara á marxe oposta do xacemento. Ademais, a pesar de supoñer maior complexidade técnica e un maior custo do transporte, optouse por manter a pendente do terreo natural do terreo e vial existente, dun 13% aproximadamente, sen facer ningún tipo de recheo que supoña a realización de movementos de terras na zona e unicamente adecuarase o paquete de firme para que teña suficiente capacidade portante e o camiño resista adecuadamente o transporte. Anteriormente se proxectaba un vial sobre a traza existente, realizando un muro de protección no lado do xacemento sen afectar o subsolo e que evitase que o recheo que se realizase fose cara á marxe onde se atopan os xacementos, pois se ampliaba o ancho do vial a seis metros e proxectaba unha pendente do 10%.





- Con estas medidas aplicadas, indícase que se cumpre cos obxectivos da DXPC cinguíndose ao vial existente e sen realizar movementos de terra nas inmediacións e zonas de protección dos xacementos. No caso da zona de Madorra da Louseira, xa non se contaba con movementos de terra, senón unicamente coa adecuación do paquete de firme, por tanto a mellora consiste unicamente en reducir o ancho do vial, que antes se proxectaba de seis metros, e agora cinguese á traza existente.

Asemade comprométese a ter en conta todas as demais consideracións técnicas que o informe da DXPC contén, resumindo devanditos compromisos a continuación:

- Realización das comprobacións das entidades arqueolóxicas sobre as que existen dúbidas, a través de actividades arqueolóxicas valorativas e de carácter previo ao comezo das obras e remitindo os resultados obtidos á DXPC para a súa valoración, podendo quedar estas obras parcialmente condicionadas á obtención dun resultado favorable no sentido no que o Estudo de Impacto Cultural remitiuse para este proxecto tras a realización das oportunas prospeccións de campo e revisión bibliográfica.
- Os traballos de construción realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico, para os que previamente se presentará un proxecto arqueolóxico. En caso de constatare a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ*, podendo dar lugar a modificacións do proxecto ou ao establecemento de novas medidas protectoras e correctoras.
- Con carácter previo ao comezo das obras deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso que se elixa e no que se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños, identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e aqueles tramos en os que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos. Valoraranse as posibles afeccións e detallaranse as medidas necesarias para salvagardar o patrimonio cultural.
- Recollerase a correspondente cualificación urbanística "solo rústico de protección do patrimonio" nas áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo.

A promotora manifesta que queda a dispor para achegar calquera documentación adicional que puidese ser requirida para o efecto da instrución do expediente da instalación. Por todo o indicado, solicita que se teña por presentado este escrito e por realizadas as anteriores manifestacións e, tendo por atendido o requirimento, se continúe coa tramitación do procedemento para o outorgamento da autorización administrativa previa e a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto do Parque eólico Serra do Furco, situado no termo municipal de Becerreá, na provincia de Lugo (expediente IN408A/2020/87).

Consideracións técnicas

- Coas modificacións realizadas no deseño do parque eólico recollidas na documentación agora presentada, elimínanse as afeccións aos contornos de protección de bens arqueolóxicos indicadas no informe da DXPC.
- Porén, na captura do plano do proxecto no Vial de interior deo PE ao paso polas Medorras de Cabeza do Río 1, San Pedro 3 e Cabeza do Río 2. Configuración modificada, apréciase que o novo acceso ao aeroxerador SF04 afectaría con obra nova o contorno de protección da Madorra de Cabeza do Río 2 pola súa banda leste, orixinando importantes movementos de terras a unha distancia aprox. de 120 m ao leste. Asemade, na captura do plano SF05 e infraestruturas asociadas. Configuración modificada, apréciase que o novo acceso ao aeroxerador SF05 afectaría con obras de ancheamento e acondicionamento da vía o contorno de protección da Madorra da Louseira pola súa banda sur, a unha distancia aprox. de 100 m ao sur. Considérase oportuno que se axuste o deseño destes viais de acceso para evitar realizar movementos de terras dentro dos contornos de protección dos devanditos bens.
- Quedarían pendentes as comprobacións das entidades arqueolóxicas a través da realización de actividades arqueolóxicas valorativas orientadas á súa comprobación, que, en calquera caso, deberán realizarse con carácter previo ao inicio das obras, especialmente, no caso da Medorra de San Pedro 1 (GA27006032), dado que o seu contorno de protección veríase afectado pola obras de acondicionamento do acceso ao parque eólico dende a estrada LU-P-0708. Cómpre recordar que o





devandito xacemento arqueolóxico figura protexido no catálogo do PBA, e en virtude do artigo 30 da LPCG tamén forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

- No anterior informe da DXPC tamén se indicara que no MDT (LIDAR) detectáronse dúas anomalías compatibles con explotacións mineiras antigas. Unha a media ladeira (coordenadas UTM ETRS89 29T X=650467, Y=4748587) ao NL do xacemento Rego das Minas (GA27006074). Trátase dunha posible fronte de mina de 0,8 ha (topónimo Valiña Pequena no catastro) e unha posible zona de depósito de estériles de 0,4 ha ao nacente (na parte baixa da estrada co topónimo Murias). A outra detectouse a 200 m ao NL do xacemento Monte Travesa -GA27006036-, Campa e Areal na toponimia da cartografía catastral, nas coordenadas UTM ETRS89 29T X=649933, Y=4747812, compatible coa posible existencia dunha corta mineira antiga situada a 60 m ao sur das obras proxectadas (un acceso de nova construción). Asemade no exame da fotografía aérea detectouse unha localización cos topónimos Coroa e Foio da Coroa (documentados na cartografía catastral), nun alto (o Monte da Chaira) situado a 860 m.s.n.m en coordenadas UTM ETRS89 29T X=649410, Y=4749127, a 230 m ao W do elemento Medorra de San Pedro 1 -GA27006032-, e compatible coa posible existencia dun asentamento fortificado. Cómpre verificalas.
- Asemade tamén quedaría pendente a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural das obras de acondicionamento dos accesos.
- Estímase que coas modificacións no deseño do Parque eólico Serra do Furco reflectidas nesta documentación, este pode ser considerado compatible coa protección e conservación do patrimonio arqueolóxico, se ben haberá que condicionalo no aspecto anteriormente indicado, e mais lembrar o obrigado cumprimento das medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do EsIA, e mais do resto de condicións e consideracións incluídas no informe da DXPC.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

Á vista do exposto na documentación presentada e nas consideracións técnicas, estímase que coas modificacións no deseño do Parque eólico Serra do Furco reflectidas na resposta do promotor de data 04.01.2023 ao informe DXPC emitido o 24.11.2022, este parque eólico é compatible coa protección e a conservación do patrimonio arqueolóxico co cumprimento das medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do EsIA, e co cumprimento do resto de condicións e consideracións incluídas no devandito informe da DXPC.

Por tanto, emítese un **informe favorable** da documentación presentada, coas seguintes consideracións:

- Axustarase o deseño do viais de acceso aos aeroxeradores SF04 e SF05 para evitar afectar os contornos de protección dos bens arqueolóxicos existentes, e, por tanto, evitando realizar remocións de terras nestes contornos.
- As comprobacións das entidades arqueolóxicas a través da realización de actividades arqueolóxicas valorativas deberán executarse con carácter previo ao inicio das obras, especialmente, no caso do xacemento a Medorra de San Pedro 1 (GA27006032), dado que o contorno de protección deste se vería afectado polas obras de acondicionamento do acceso ao parque eólico dende a estrada LU-P-0708. .
- Asemade, con carácter previo ao inicio das obras verifícaranse as anomalías detectadas no MDT (LIDAR) e mais os topónimos documentados na cartografía catastral, indicados nas consideracións técnicas.
- Os resultados das anteditas comprobacións poderán dar lugar a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias



Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

